

D./Dña. _____, con DNI/NIE _____, e
endereço no concello de _____
en calidade de persoa participante nalgunha das actuacións da Estratexia de inclusión social
de Galicia ou, no seu caso, de representante legal e aos efectos do establecido na Lei
Orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, en diante LOPD,

DECLARA

1º.- Que foi informado, de acordo ao artigo 5 da LOPD, da existencia do ficheiro “Xestión de
Servizos Sociais”, inscrito na Axencia Española de Protección de Datos e creado pola *Orde do
15 de decembro de 2011 publicada no Diario Oficial de Galicia de data 27 de decembro de
2011* e do ficheiro “Historia Social Única Electrónica” (Decreto 89/2016, de 30 de xuño) que
teñen como finalidade a Xestión dos Servizos Sociais, e que consiste na inclusión nos mesmos
das actividades que se vaian desenvolver no seu itinerario personalizado de inclusión
sociolaboral. Estes datos serán empregados na labor de apoio á inclusión sociolaboral polo
persoal que o/a atende.

2º.- Que foi advertido/a de que facilitar os datos requiridos aos efectos de apoiar a labor do
persoal que atende ao/á usuario/a e a comunicación de datos aos organismos cofinanciadores
(Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos e órganos de xestión de
fondos da Unión Europea) destas medidas de integración social, co fin da correcta xustificación
das accións obxecto de financiación, é requisito imprescindible para poder participar nas
actividades deseñadas no seu itinerario personalizado.

3º.- Que, ademais do consentimento establecido no punto anterior, consinte expresamente a
comunicación dos datos incluídos nese ficheiro aos organismos públicos e interesados
lexítimos segundo a normativa aplicable na materia, e ás entidades prestadoras de Servizos
Sociais debidamente rexistradas na área de inclusión social aos efectos de acadar un
cumprimento óptimo dos obxectivos establecidos no seu itinerario personalizado de inclusión
sociolaboral ou formativo.

4º.- Igualmente consinte de xeito expreso e inequívoco o emprego destes datos para o envío
de futuras comunicacións que o/a responsable do ficheiro estime oportunas no ámbito da
prestación dos servizos sociais, ben directamente ou a través das organizacións que
desenvolven as actuacións de inclusión social (envíos a ofertas de emprego, por exemplo).

5º.- Que consinte o tratamento dos seus datos procedentes doutras unidades ou
departamentos da Dirección Xeral de Inclusión Social, facilitados e obtidos a través de
entrevistas, formularios, informes, sempre que sexan precisos para o desenvolvemento das
actuacións anteriormente citadas.

6º.- Que foi informado/a da posibilidade de exercer os seus dereitos de acceso, rectificación,
cancelación ou oposición perante o responsable do ficheiro, a Secretaría Xeral Técnica da
Consellería de Política Social. Complexo Administrativo de San Caetano, s/n, 15781 Santiago
de Compostela (A Coruña). (sxt.politicasocial@xunta.es)

Por conseguinte, acepta as declaracións e consentimentos expostos arriba indicados.

En _____, de _____ 201_

Enderezo da persoa usuaria:

Teléfono de contacto:

Asdo.:

